

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO INVENTARIO FORESTAL CONTINUO DE GALICIA.

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 99/2018, do 26 de setembro, polo que se dispón o seu nomeamento, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, cargo que ostenta en virtude do nomeamento efectuado por Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG nº 106 do 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e no artigo 82 do Decreto 12/2014, do 30 de Xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Pola Universidade de Vigo, Manuel J. Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, cargo que ostenta en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 8 de Xuño, publicado no DOG nº 109, do 8 de Xuño de 2018, actuando no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro, e o artigo 29 dos Estatutos desta Universidade, aprobados mediante o Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38, de 22 febreiro de 2019; BOE nº 72 do 25 de marzo de 2019).

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería do Medio Rural (en adiante CMR), conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento que dispón das competencias en materia de desenvolvemento das medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.



SEGUNDO.- Que a Universidade de Vigo (en adiante UVigo) e a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), conforme o artigo 2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, establece que a autonomía das Universidades comprende, entre outros *"o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais"*.

Que as ditas universidades son entidades de dereito público que desenvolven actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, sendo o desenvolvemento sustentable un dos obxectivos aos que tales actividades se deben. Son, entre outras, funcións das universidades, o apoio científico e técnico para o desenvolvemento social e económico da sociedade galega que as sustenta.

TERCEIRO.- O Consello Forestal de Galicia acordou no ano 2014 crear un grupo de traballo. Este grupo nacía para dar resposta á demanda da sociedade galega á fin de que se acordase o modelo de monte que se desexa para Galicia no futuro e dito modelo servise de guía na elaboración da revisión do Plan Forestal de Galicia. A metodoloxía empregada tivo como principal obxecto establecer as ditas directrices de revisión a través dun proceso participativo, cun enfoque integrado de monte e de forma consensuada por todos os axentes relacionados co monte. Os resultados do seu traballo foron difundidos ao ano seguinte, en decembro do ano 2015, sendo unha das súas directrices a creación dun Inventario forestal propio que *"combinase a realización dos inventarios clásicos, baseados en parcelas circulares de radio variable, con voos LIDAR de frecuencia relativa, para actualizar progresivamente as medicións"*.

No ano 2018 o Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia sinalaba que era necesario crear un *"Sistema de Información e Estatística Forestal de Galicia, como mecanismo que permita facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal"*, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 346, do 10 de agosto de 2018.

Nas xornadas científico-técnicas do *Grupo de Traballo Ibérico de inventario e teledetección forestal, retos e aplicacións dos inventarios forestais*, celebradas en Madrid en xuño do ano 2019, os investigadores da Universidade de Vigo; J. Armesto e J. Picos sinalaban a necesidade de dispor dun sistema de monitorización propio para os recursos forestais en Galicia fundamentando a súa xustificación nas pequenas superficies das propiedades forestais e os rápidos crecementos de determinadas especies forestais, e de abordar este sistema de



inventariación continuo o antes posible polo impacto directo que no sector forestal e na comunidade científica suporía.

En consecuencia a revisión do Plan Forestal de Galicia que se está a realizar, sinala como unha medida a desenvolver, no seu eixo V, a realización dun Inventario Forestal continuo para Galicia, de urxente implementación para o seguimento do propio Plan, a elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (artigo 76 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia), xuntamente cun necesario mapa de usos agroforestais que permita a elaboración do Catálogo oficial dos solos rústicos de protección forestal e agropecuaria sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CUARTO.- Que a UVigo e a USC dispoñen das únicas unidades técnico-científicas en Galicia especializadas en materia de inventariación forestal mediante uso de sensores remotos.

A USC a través do grupo de investigación da Unidade de Xestión Forestal Sustentable (GI-1837- UXFS) está a desenvolver numerosas liñas de investigación relacionadas coa modelización de crecemento e produción de masas forestais, aplicación de LiDAR ao inventario forestal e optimización da xestión forestal.

A UVigo a través do Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, e en particular a área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, está a desenvolver numerosas liñas de investigación relacionadas coa tecnoloxía láser escáner terrestre, modelado 3D, fotogrametría, termografía, UAV, *IndoorMapping* e sistemas multisensor.

QUINTO.- Galicia posúe unha inmensa riqueza chea de diferentes produtos e servizos forestais; cogomelos, cortizas, resinas, pastos e forraxes en montes, castañas son bos exemplos, pero especialmente a madeira e a biomasa. A taxa de aproveitamentos madeireiros en Galicia, situouse no ano 2018, en preto de 10 millóns de metros cúbicos (máis do 60% da taxa estatal de aproveitamento). O recurso forestal da madeira, ten un impacto fundamental na cadea monte industria galega, xerando un volume de facturación anual de preto de 2.700 millóns de euros.

Dende hai 55 anos o Inventario Forestal Nacional (IFN) realizado polo Estado presenta datos sobre a situación dos recursos forestais en Galicia, en particular de madeira e biomasa, pero tras diferentes estudos científicos elaborados polas universidades galegas, detectáronse un conxunto de deficiencias (masas forestais produtivas no Noroeste peninsular) que afectaban grandemente aos resultados que se estaban obtendo. Na análise do IV inventario forestal, realizado en 2009, detectáronse carencias que é preciso corrixir e melloras que é necesario introducir. Estas son, entre outras:



- Resolución temporal non adaptada ao crecemento das especies principais. Actualmente, 10 anos (IFN) ou 5 anos (especies de crecemento rápido).
- Excesiva clasificación en masas mixtas polo deseño da parcela (radios variables).
- Confusión de varias especies do xénero *Eucalyptus* (especialmente *E. nitens* e *E. globulus*).
- Algunhas especies non están ben estudadas.
- Non se coñecen as idades.
- Resolución espacial mínimo de provincia. Dificultade para facer inferencias a escala menor do distrito forestal (1/19 da superficie de Galicia).
- Non se dispón de información sobre a dispoñibilidade real do recurso madeira/biomasa, dende un punto de vista de dispoñibilidade (atendendo a limitacións de carácter físico, tecnolóxico ou económico), e que é denominado dentro do termo FAWS “*forestavailable for woodsupply*”,

Deste xeito, as superficies e recursos forestais deben ser estudados e determinados en Galicia dun xeito continuado e suficientemente preciso, e deste xeito servir de apoio na toma de decisións en materia de política forestal coa creación dos chamados Sistemas de apoio á toma de decisións ('Decissionsupportsystems' - DSS).

Os sistemas de apoio ás decisións poden ser unha das ferramentas máis poderosas á hora de establecer políticas públicas, pero so serán útiles se se alimentan de información precisa (superficie forestal, volume de madeira...), e actualizada de xeito periódico, que permita detectar tendencias e coñecer o grao de incertidume.

Estes sistemas son ferramentas esenciais para que os xestores das políticas públicas poidan coñecer que está acontecendo e en que medida para responder a problemas específicos, así como para valorar os puntos fortes e os inconvenientes de cada decisión (programa, política, medida de fomento) que as administracións públicas toman. A avaliación da actuación pública, en materia de montes e aproveitamentos, que leve a cabo a Consellería do Medio Rural, a través do seu órgano forestal, só pode levarse a cabo con rigor no marco dun proceso seguimento continuado do estado forestal, baixo pautas académicas e científicas probadas e obxectivables. Cuestión xa sinalada no ano 2016 polos autores U. Diéguez-Aranda, J. M. González-González e M. Arias-Rodil, pertencentes á USC na súa publicación titulada '*DecisionSupportSystem for SustainableForestManagementin Galicia (Spain)*'.

Deste xeito a relación entre os Inventarios Forestais (IFNs), que xerarán os datos fiables e periódicos para avaliar o impacto das políticas públicas e axudar na toma de novas decisións, e o mundo académico é mutua: o desenvolvemento do deseño dos IFNs depende dunha investigación sistemática para cubrir as lagoas que existen comunmente con respecto aos



detalles metodolóxicos e axustar o deseño ás circunstancias e expectativas específicas (neste caso do monte galego debido á súa fragmentación e o tipo de especies de crecemento rápido que habitan nel); e a academia se beneficia do IFN non só mediante a definición de temas relevantes de investigación na optimización de deseño, senón tamén polo feito de que os IFNs xeran conxuntos de datos únicos a nivel nacional para análises científicas.

Os Inventarios Forestais, especialmente na fase do seu deseño e implementación, presentan moitas características de estudos científicos empíricos, e iso significa que a experiencia científica non só é importante senón decisiva durante todos os pasos de optimizar o deseño, planificación da recollida de datos, implementación e presentación de informes. Do mesmo xeito que cos estudos científicos, hai unha serie de principios técnicos básicos que deben ser observados para xerar información defendible e crible. O papel da investigación en practicamente todos os pasos dos Inventarios Forestais é primario, e incluso se pode afirmar que todas os Inventarios Forestais son "realizados" e acompañados de intensas investigacións e participación da academia.

Polo tanto o desenvolvemento do Convenio, permitiralle á Consellería de Medio Rural dispor dunha ferramenta fundamenta para a toma de decisións na aplicación de políticas públicas no sector forestal e tamén permitirá consolidar as liñas de investigación de Inventario Forestal, Monitorización Forestal e Teledetección en ambas as dúas universidades, e a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento nesas áreas.

SEXTO.- Sendo así, o marco de colaboración entre as institucións persegue un obxectivo común: contribuír ao desenvolvemento forestal de Galicia, onde ambas partes colaboran e saen beneficiadas no desenvolvemento deste convenio, a partes iguais. Non existindo onerosidade ou beneficio na súa implementación por calquera dos suxeitos, entendendo que os custes necesarios son aqueles estritamente ligados á exclusiva execución das medidas que conleve o seu desenrolo con garantías.

Así que, sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscripción do presente Convenio, que se desenvolverá en íntima colaboración, compartindo por igual os seus fins e de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este Convenio rexerase polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de



Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro) no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entres públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto deste convenio é regular o marco común de colaboración entre as institucións asinantes para apoiar ao sector forestal de Galicia, dun xeito sustentable, a través do desenvolvemento dun Inventario forestal continuo.

As actuacións comprendidas dentro do marco de colaboración deste convenio están dirixidas a realizar un traballo conxunto entre as institucións onde se desenvolva plenamente a necesaria produción científica e académica en materia de inventarios forestais de Galicia, e permita, por outra banda, coñecer a situación dos recursos forestais de Galicia, realizando o seguimento e avaliación do estado das masas arboradas e estimando a cantidade e calidade de ditos recursos, e deste xeito crear un Sistema de apoio ás decisións en materia de política forestal coa posta en marcha dun sistema de Monitoraxe Forestal continuo para Galicia.

Este sistema debe presentar as seguintes características:

- Permanente. A metodoloxía a desenvolver terá en conta os aspectos económicos que puidesen comprometer o mantemento futuro do sistema por parte da CMR con independencia do presente convenio. O sistema a deseñar deberá, no posible, estar baseado en información dispoñible de forma continua, e/ou que sexa o suficientemente flexible para adaptarse a eventuais cambios de dispoñibilidade da información necesaria.
- Rigor metodolóxico. As estimacións a desenvolver polo sistema con base nos resultados do presente convenio deberán ser obxectivas, cribles e cun nivel de incertidume coñecido, facéndoo transparente e verificable, tanto nos métodos como nas estimacións puntuais, e aceptada pola comunidade científica especializada.

Por tanto a finalidade deste convenio: contribuír ao desenvolvemento forestal de Galicia, só se pode entender coa participación compartida de todas as partes, onde a través dun proceso sinérxico cada unha delas consiga os obxectivos individuais e colectivos que dunha forma illada non poderían acadar.

TERCEIRA.- DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER.



O marco de colaboración estará constituído pola Comisión Mixta formada polo persoal funcionario da CMR e persoal das UVigo e USC.

Para cumprir os obxectivos propostos expónse un convenio de tres anos, dividido en canto ao metodolóxico en dúas fases. Na primeira abóndaranse os aspectos metodolóxicos que permitirán o deseño do I sistema de monitoraxe forestal. A duración prevista desta primeira fase é de dous anos. A segunda fase centrarase nos aspectos operativos que permitan a posta en marcha do sistema de monitoraxe forestal. Os termos económicos do convenio descríbense no anexo II.

A continuación, deságréganse as tarefas e actividades a realizar para o desenvolvemento conxunto deste convenio.

1. Estudo metodolóxico:

- 1.1 Adquisición e preprocesado produtos teledetección.
- 1.2 Proposta de estratos e variables principais.
- 1.3 Estudo de separabilidade entre estratos.
- 1.4 Estudo de deseño de parcela.
- 1.5 Estudo de estratos definitivos e modelización.
- 1.6 Desenvolvemento da infraestrutura de datos.
- 1.7 Desenvolvemento do método de inferencia.
- 1.8 Desenvolvemento da metodoloxía de clasificación.
- 1.9 Desenvolvemento do sistema de detección de cambios.
- 1.10 Desenvolvemento metodolóxico para estudos sociolóxicos.

2. Posta en marcha:

- 2.1 Medición da parcelas de inventario.
- 2.2 Procesado e disposición de dataset sectoriais.
- 2.3 Recompilación e integración doutras fontes de datos.
- 2.4 Actualización estado parcelas de inventario e axuste de modelos de inferencia.
- 2.5 Clasificación de usos de chan.
- 2.6 Mapa de cambios.
- 2.7 Producción de estimacións e informes.
- 2.8 Xestión do proxecto.

3. Coordinación:

- 3.1 Auditoría metodolóxica externa e validación.
- 3.2 Formación.
- 3.3 Control de calidade e ampliación da mostra.



No anexo I configúrase o réxime de colaboración e as actuacións detalladas a desenvolver, precisando como vai traballar o grupo de traballo conxunto (1.3 Xestión do proxecto), así como a programación das tarefas, os fitos, entregables e condicionantes móstranse na táboa 1 de dito anexo I.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

Para acadar as actuacións propostas é necesario que todas as partes se comprometan a compartir, dun xeito gratuíto, un conxunto de recursos, materiais e inmateriais que actualmente dispoñan, entendendo que dita sinerxía resulta fundamental para abordar as tarefas conxuntas que se levarán a cabo.

A CMR achegará para este convenio:

- As imaxes adquiridas polos sensores, subministradas co apoio do Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Estes produtos de teledetección virán preprocesados e corrixidos radiométrica e xeométricamente.
- Compartirá os datos capturados nas medicións de campo polas brigadas de inventariación da Xunta de Galicia, nas condicións de calidade e cadencia temporal que se determinen.
- Compartirá os *dataset* de datos de inventariación forestal que dispón a través das súas ferramentas desenvolvidas en diferentes campos e materias (ordenación e xestión forestal, sanidade forestal, etc.).
- Colaborar no financiamento dos custos que se deriven das actuacións descritas na cláusula anterior a través das achegas establecidas na cláusula cuarta.

A UVigo e USC achegarán a este convenio:

- A metodoloxía científica mediante o estudo de separabilidade entre estratos e deseño de parcela.
- Desenvolvemento técnico-científico en materia de infraestrutura de datos, método de inferencia e clasificación. Desenvolvemento do sistema de detección de cambios e da metodoloxía para estudo sociolóxico e de factores de aproveitamento.
- O coñecemento científico-técnico na toma de datos de parcelas de inventario que asegure a bondade e calidade mínima exixida aos inventarios forestais.
- Actualización de modelos de crecemento e estado das parcelas de inventario. Clasificación de usos de chan. Mapa de cambios. Producción de estimacións e informes.



A subministración destas achegas farase dun xeito informatizado e os prazos para o traballo das partes contarán a partires da adecuada posta a disposición conxunta das achegas sinaladas.

Toda vez que un beneficio a obter neste convenio de colaboración é a produción científica e académica, a información achegada pola CMR poderá ser utilizada polas UVigo e USC para o desenvolvemento científico-técnico de Galicia, dende un punto de vista forestal, sempre baixo a autorización expresa da CMR, e sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos.

A asignación das tarefas descritas a cada unha das partes, sexa CMR, UVigo e USC detállase no anexo I.

QUINTA.- FINANCIAMENTO.

A contribución ao financiamento da CMR, segundo o disposto no anexo II, fíxase en cento vinte e oito mil trinta euros con dezaseis céntimos (128.030,16 €) para o ano 2020, douscentos corenta e un mil douscentos once euros con corenta e seis céntimos (241.211,46 €) para o ano 2021 e douscentos catro mil seiscientos setenta e sete euros con trinta céntimos (204.677,30 €) para o ano 2022, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.713B.640.1, código de proxecto 2015 00609. O importe total ascende a cincocentos setenta e tres mil novecentos dezaioito euros con noventa e dous céntimos (573.918,92 €), para todo o período de vixencia deste convenio.

Táboa 1. Achega da CMR ao convenio e distribución por Universidades e ano.

Universidade	Achega da CMR por ano			TOTAL
	1	2	3	
USC	82.594,20 €	155.989,86 €	136.036,61 €	374.620,67 €
UVigo	45.435,96 €	85.221,60 €	68.640,69 €	199.298,25 €
TOTAL	128.030,16 €	241.211,46 €	204.677,30 €	573.918,92 €

Estes importes inclúen un 15% de custos indirectos.

A CMR achegará ademais os produtos de teledetección, dataset, así como as medicións das parcelas, e permitirá acceso á USC e UVigo.

Doutra banda a achega das Universidades, inferida dos custes horarios que van dedicar os investigadores ao convenio será:



Táboa 2. Achega da USC e UVigo ao convenio e distribución por anos.

Universidade	Achega das Universidades por ano			TOTAL
	1	2	3	
USC	14.583,00 €	14.583,00 €	14.583,00 €	43.749,00 €
UVigo	7.990,00 €	7.990,00 €	7.990,00 €	23.970,00 €
TOTAL	22.573,00 €	22.573,00 €	22.573,00 €	67.719,00 €

En dito anexo II detállase nominalmente a achega por parte da universidades.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal antes do 30 de novembro de cada ano. Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá achegarse antes do 5 de decembro de cada ano.

A relación de tarefas cos seus fitos e entregables así como os responsables de cada unha das tarefas detállanse no anexo I.

O anexo II desagrega, dun xeito pormenorizado o réxime de xustificación e pago onde se precisa que tipo de actividades e gastos determinan a xustificación das cantidades a achegar pola CMR. Esta relación xustifica a ausencia de onerosidade do convenio, todos os custes está ligados estritamente os gastos para levar a cabo as tarefas e actuacións propostas, non incorporando partidas relacionadas con beneficios industriais que conlevasen un beneficio para algunha das partes.

A contribución ao financiamento da CMR, segundo o disposto no anexo II, fíxase en cento vinte e oito mil trinta euros con dezaseis céntimos (128.030,16 €) para o ano 2020, douscentos corenta e un mil douscentos once euros con corenta e seis céntimos (241.211,46 €) para o ano 2021 e douscentos catro mil seiscientos setenta e sete euros con trinta céntimos (204.677,30 €) para o ano 2022, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.713B.640.1, código de proxecto 2015 00609. O importe total ascende a cincocentos setenta e tres mil novecentos dezaioito euros con noventa e dous céntimos (573.918,92 €), para todo o período de vixencia deste convenio.

Para a xustificación das actuacións ao abeiro deste convenio, as universidades remitirán á Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal a documentación seguinte:



- Documentos que recollan as actividades realizadas no período de xustificación.
- Informe das actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Xustificantes de gasto (nóminas, seguros sociais, dietas e gastos de viaxe do persoal) propio da USC e UVigo ou contratado que participe nas actividades previstas no convenio, así como no seu caso, facturas ou recibos de honorarios de persoal externo que participe no desenvolvemento das actividades, así como facturas derivadas das actividades e reunións. A data de inicio da xustificación dos gastos será a partires da sinatura do presente convenio.
- Xustificante de pago dos gastos anteriores. Para os efectos da súa consideración como gasto, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira. Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto, as certificacións emitidas polos órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

Procederá a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería do Medio Rural en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Cantas e o Consello de Cantas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

Os pagamentos serán progresivos, procedendo do seguinte xeito:

- Unha vez executadas as tarefas ou fitos desenvolvidos no anexo I segundo o cronograma establecido, e tendo presente que algún deles obrigan a presentación de entregables, a parte responsable do seu desenvolvemento deberá comunicalo ás outras partes. E de selo caso remitirllas os entregables que documentan a súa correcta execución.
- No último trimestre do ano, a Comisión Mixta de seguimento avaliará e, de selo caso, certificará conxuntamente a boa execución das tarefas e procederase a presentar os gastos que xustifican o desenvolvemento da tarefa finalizada por cada unha das partes.

Os custes en ningún caso poderán superar as contías dispostas na táboa 4 do anexo II.

SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO.



Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas todas as entidades colaboradoras, a CMR, USC e UVigo, mediante dous representantes cada unha. Nomeadamente do seguinte xeito:

- 2 persoas representantes do dirección xeral con competencias en materia de planificación e ordenación dos recursos forestais pertencentes á CMR.
- 2 persoas representantes da Unidade de Xestión Forestal Sustentable (GI-1837-UXFS) pertencentes á USC.
- 2 persoas representantes da Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría do Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente pertencentes á UVigo.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Exercer a codirección do convenio e velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.

OITAVA.-VIXENCIA E PRÓRROGA.

O presente Convenio estenderá dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes.

Poderá prorrogarse por acordo expreso, con anterioridade á data de expiración do mesmo.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE.

Toda a información necesaria para a realización das actuacións subministrada por calquera das partes manterase en confidencialidade e evitase a súa revelación, a excepción das persoas autorizadas.

Esta obriga non se aplicará para a información que a parte destinataria coñecese antes de serlle revelada pola outra parte, nin para aquela de dominio público. Tampouco para a información que fose revelada á parte destinataria por un terceiro que non tiña ningún compromiso ou abriga de



segredo ou confidencialidade, nin para a que se faga dispoñible para a parte destinataria por observación directa en campo.

DÉCIMA.- DIFUSION DE RESULTADOS E DATOS.

Tendo en conta o disposto no artigo 103.3 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, o Grupo de Traballo establecerá o modo de difusión da información resultante, e a xerada nas medicións de campo e determinados procesos intermedios, de xeito que permita a consulta e o uso da mesma para a elaboración de outros estudos e investigacións.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE.

Nas actuacións que se realicen ao abeiro do presente Convenio será obrigatoria a sinalización das mesmas cos emblema da Xunta de Galicia, a CMR, a USC e UVigo. As partes comprométense a facer constar a colaboración e a participación de todas as entidades en toda a publicidade que se elabore sobre o convenio, calquera que sexa o medio de difusión.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DUODÉCIMA.- PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL.

A propiedade intelectual e industrial dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios. En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores e/ou coinventores, a CMR, a UVigo e a USC.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso os logotipos da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural, así como das Universidades. Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométense a facer mención expresa da participación conxunta da CMR, UVigo e USC.



DECIMOTERCEIRA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN.

O presente Convenio poderá ser modificado en calquera momento por mutuo acordo das partes. A modificación efectuarase mediante a subscrición da oportuna Addenda ao Convenio e antes do prazo de finalización do mesmo.

Son causas de resolución do convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
3. O acorde unánime dos asinantes.
4. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
6. Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

As partes poderán denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente acordo comunicándoo por escrito á outra parte, cun mes de antelación á data en que vaia a dalo por terminado.

